

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 14 DE SETEMBRO DE 2023, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

DECRETOS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto polo que se declara de utilidade pública e interese social o polígono agroforestal de iniciativa pública de San Miguel, no Concello de Valga (Pontevedra).

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Federación Española de Asociaciones de Amigos del Camino de Santiago para a celebración do II Encontro mundial de asociacións xacobeas «2EM», por importe total de douscentos once mil catrocentos corenta e nove euros (211.449,00 €).

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación das obras do proxecto de urbanización das fase IV, V e VII.a do proxecto sectorial do parque empresarial das Gándaras (Lugo), con orzamento base de licitación e valor estimado por importe de oito millóns cincocentos vinte mil catrocentos noventa e sete euros e cincuenta e sete céntimos (8.520.497,57 €), IVE excluído.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación do Servizo de desenvolvemento e mantemento da Plataforma dixital agroforestal de Galicia, susceptible de cofinanciarse nun 60 % polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa Feder Galicia 2021-2027, por un orzamento de licitación, IVE incluído, de cinco millóns novecentos noventa e nove mil novecentos sesenta euros (5.999.960,00 €), e un valor estimado de oito millóns catrocentos vinte e nove mil seiscentos noventa e cinco euros con noventa e tres céntimos (8.429.695,93 €).

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se aproba o trámite de información pública e informe das administracións afectadas e definitivamente o proxecto de construción de glorieta no punto quilométrico (p.q.) 4+120 da AC-116 e conexión co polígono empresarial Río do Pozo.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

- Acordo polo que se autoriza a superar a porcentaxe e a eximir da constitución de garantías nos pagamentos anticipados derivados da Resolución pola que se dá publicidade do Acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica que aproba as bases reguladoras das axudas ao investimento das pemes para a creación de centros dixitais de xestión remota (programa Centros dixitais), susceptibles de seren cofinanciadas no marco do Programa do Fondo de Transición Xusta de España 2021-2027 (FTX), e se realiza á súa convocatoria para o ano 2023 en réxime de concorrencia competitiva, por un importe total de seis millóns catrocentos mil euros (6.400.000,00 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación do servizo loxístico integral para o Servizo Galego de Saúde, por un importe total de sesenta e oito millóns oitocentos nove mil seiscentos setenta e oito euros con trinta e sete céntimos (68.809.678,37 €), IVE incluído, e un valor estimado de sesenta e oito millóns douscentos corenta e un mil tres euros con trinta e oito céntimos (68.241.003,38 €), sen IVE.
- Acordo polo que se dá conta do inicio de tramitación da Estratexia galega de saúde 2030.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio entre Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e a entidade Cáritas Diocesana de Lugo para o desenvolvemento dun proxecto piloto de arraigamento para a formación, por un importe total de cento dezanove mil douscentos euros (119.200,00 €) e a superación das porcentaxes recollidas no artigo 63.1 do Regulamento da lei de subvencións de Galicia para os pagamentos anticipados.
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio entre Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e a entidade Escuelas Familiares Agrarias de Galicia, para o desenvolvemento dun proxecto piloto de arraigamento para a formación, por un importe total de oitenta e nove mil catrocentos euros (89.400,00 €) e a superación das porcentaxes recollidas no artigo 63.1 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia para os pagamentos anticipados.
- Acordo polo que se aproba a Estratexia de Seguridade e Saúde no Traballo de Galicia: Horizonte 2027.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se toma razón das bases administrativas e técnicas que rexerán na convocatoria do concurso de ideas para a rehabilitación arquitectónica da Finca de Lourizán.

INFORMES

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Informe sobre o balance da actividade turística nos meses de xullo e agosto e evolución da demanda turística regrada en Galicia de xaneiro a xullo de 2023.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Informe sobre o Plan estratéxico para o desenvolvemento dunha rede galega de aparcadoiros seguros para o sector do transporte de mercadorías. Actuacións a curto prazo.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

- Informe sobre as accións formativas en materia de linguas estranxeiras dirixidas ao alumnado fóra dos centros educativos.
- Informe sobre a competencia dixital docente (CDD).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DECLARA DE UTILIDADE PÚBLICA E DE INTERESE SOCIAL O POLÍGONO AGROFORESTAL DE SAN MIGUEL, EN VALGA, PARA PÓR EN VALOR PRETO DE 30 HECTÁREAS

- O Consello do Goberno galego aprobou hoxe o correspondente decreto da Consellería do Medio Rural para desenvolver este polígono, que implica 377 parcelas de 107 propietarios
- Elévase así a 17 o número de polígonos agroforestais de iniciativa pública declarados de utilidade pública na nosa Comunidade, ao abeiro da Lei de recuperación da terra agraria
- En día de hoxe, existen xa 24 polígonos en distintas fases de execución, que supoñen a posta en valor de máis de 9.000 hectáreas distribuídas nunhas 29.000 parcelas propiedade de 7.900 veciños

A Xunta aprobou hoxe un decreto da Consellería do Medio Rural para declarar de utilidade pública e de interese social o polígono agroforestal de San Miguel, no concello pontevedrés de Valga, para pór en valor un total de 29,57 hectáreas, distribuídas en 377 parcelas de 107 propietarios. Elévase así a 17 o número de polígonos de iniciativa pública declarados na nosa Comunidade, ao abeiro da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, do total de 24 que se encontran en distintas fases de execución.

A declaración de utilidade pública e de interese social implica o recoñecemento da existencia de razóns de interese público para os efectos da aplicación da tramitación de urxencia do procedemento. Neste caso, cómpre sinalar que o pasado 10 de agosto saía publicado no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) o acordo polo que se iniciaba o procedemento de aprobación para o desenvolvemento deste polígono. O seu obxectivo prioritario é pór en produción áreas de terra con boa capacidade produtiva que, co paso do tempo, acadaron estados de abandono ou infrautilización. Deste xeito, recupérase unha actividade agrícola, gandeira ou forestal que –ao tempo que xera riqueza– contribúe a avanzar na anticipación aos incendios forestais.

24 polígonos

Na actualidade, estanse a devolver un total de 24 polígonos agroforestais de iniciativa pública en toda Galicia, que están en distintas fases de execución. Así, falamos de 9.012,57 hectáreas mobilizadas grazas á Lei de recuperación da terra agraria, de 29.001 parcelas e de 7.895 persoas propietarias directamente beneficiadas.

Cómpre apuntar que na meirande parte dos polígonos xa se identificaron actividades admisibles e prevese a súa recuperación a través de sistemas agroforestais, cultivos leñosos, gandaría e cultivos agrícolas, entre outras posibles actividades secundarias.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Dentro dos polígonos xa declarados –que inclúen o de hoxe–, os máis avanzados son os de Cualedro e Ómbra, onde xa se rematou a roza e posta a punto dos terreos e onde acaba de notificarse a resolución de investigación da titularidade e se están recollendo os compromisos dos propietarios dentro do proxecto básico. Mentres, os de Barzamedelle (Leiro), Vences (Monterrei), Solbeira (Paderne de Allariz), Pousada (Riós), Vilalén-Tomonde (Cerdedo-Cotobade) e Mandelos (Crecente) –onde avanza os traballos de roza– encóntranse na fase de investigación da titularidade.

Pola súa banda, nos de Freixido (Larouco), Ver (Bóveda) e A Graña de Seoane (Montederramo) estanse a elaborar os respectivos estudos de viabilidade e estase a iniciar a investigación de titularidade. Pola súa banda, os de San Amaro (San Amaro), Mirallos (A Peroxa), Prado de Miño (Castrelo de Miño) e este de San Miguel (Valga) encóntranse en fase de acordo de inicio. Tamén están con acordo de inicio Remuíño (A Arnoia) e o polígono agroforestal de Curtis, no concello do mesmo nome.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APOIA A CELEBRACIÓN DO II ENCONTRO MUNDIAL DE ASOCIACIÓNS XACOBEAS, QUE SE TERÁ LUGAR EN OUTUBRO EN SANTIAGO DE COMPOSTELA

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio coa Federación Española de Asociaciones de Amigos del Camino de Santiago por un importe de 211.449 €

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio e as condicións de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Federación de Asociaciones de Amigos del Camino de Santiago para a celebración do II Encontro mundial de asociacións xacobeas «2EM», que terá lugar entre os días 19 e 22 de outubro deste ano en Santiago de Compostela. A celebración, promovida baixo o lema «Asociacións. Memoria e futuro», permitirá ser un punto de encontro para o tecido asociativo xacobeo mundial. Para acadar estes obxectivos, o convenio coa Federación suporá un investimento de máis de 211.000 euros.

Para a subscrición deste convenio a Xunta de Galicia valorou a relevancia que teñen as asociacións de amigos do Camiño como entidades sen ánimo de lucro que manteñen os valores xacobeos, promovendo actividades culturais, viaxes e peregrinacións que contribúen a reforzar o coñecemento do Camiño de Santiago no mundo.

Con este segundo encontro, ademais de facer unha valoración do estado do tecido asociativo xacobeo mundial, servirá como antesala para comezar a preparar o seguinte ano santo, o de 2027. Cun apartado especial para España, este II Encontro mundial desenvolverá, a través de diferentes sesións de traballo, catro relatorios con expertos mundiais e 15 presentacións de exemplo de boas prácticas en relación coa hospitalidade e o traballo asociativo en todo o mundo. Tamén haberá espazo para a promoción do patrimonio material e inmaterial do Camiño, a preservación dos trazados ou a defensa dos seus valores ou o seu carácter único, aberto e integrador, tanto como experiencia única como itinerario cultural recoñecido.

Santiago de Compostela xa fora sede da primeira edición deste encontro mundial, que tivo lugar en xuño de 2015 e que permitiu fortalecer o fenómeno Xacobeo contribuíndo de xeito significativo a revalorizar, recuperar e promover internacionalmente o Camiño.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVESTIRÁ MÁIS DE 8,5 M€ NAS OBRAS DE AMPLIACIÓN DO PARQUE EMPRESARIAL DAS GÁNDARAS, EN LUGO

- O Consello autorizou hoxe licitar o contrato que permitirá urbanizar 3 novas fases do polígono, que suman unha superficie de case 220.000 metros cadrados e 38 parcelas
- A Xunta xa leva adxudicados máis de 488.000 metros cadrados de solo industrial neste parque, con bonificacións sobre o prezo de venda por importe de case 17,6 M€
- O investimento realizado polo Goberno galego nas Gándaras ata o día de hoxe, entre custos de adquisición de terreos, traballos técnicos e urbanización, supera os 56 M€

A Xunta de Galicia investirá máis de 8,5 millóns de euros —concretamente, 8.520.497,57 euros— nas obras de ampliación do parque empresarial das Gándaras, en Lugo. Para tal fin, o Consello autorizou hoxe a empresa pública Xestur para licitar o contrato de urbanización correspondente ás fases IV, V e VII.a, que abranguen unha superficie total de 218.472 metros cadrados e dos cales o 71 % se reservará a habilitar parcelas de uso industrial.

Este mesmo mes sacaranse a licitación pública as obras, cun prazo de execución estimado en 15 meses. Deste xeito, prevese que o groso dos traballos se desenvolva ao longo do vindeiro ano e que a ampliación poida estar rematada en 2025.

Grazas a esta actuación, o polígono sumará 38 novas parcelas, que se porán á disposición das empresas interesadas en asentarse na comarca ou ampliar e mellorar as súas instalacións. De feito, os terreos da fase VII.a xa foron adxudicados de forma directa á empresa enerxética Norvento en abril deste ano a través da declaración como proxecto empresarial singular da nova fábrica vinculada ao sector das enerxías renovables que ten proxectada neste parque e coa que completará as súas dependencias actuais.

Cómpre lembrar que o proxecto sectorial para o desenvolvemento do polígono das Gándaras foi aprobado en 2007 e sufriu nos anos posteriores 3 modificacións, coa finalidade principal de adaptar o tamaño das parcelas e a distribución de usos ás necesidades do tecido empresarial e ás demandas detectadas.

A súa execución comprende un total de 9 fases de urbanización, cun ámbito bruto de 2,1 millóns de metros cadrados, dos cales aproximadamente a metade está previsto que se destinen a albergar 268 parcelas de uso industrial.

Ata o momento o Goberno autonómico leva investidos nas Gándaras ao redor de 56 millóns de euros entre o custo de adquisición dos terreos —que se compraron na súa

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

totalidade entre os anos 2007 y 2009—, das obras de urbanización das tres fases (I, II e III) que xa están en servizo e dos traballos técnicos, taxas e trámites adicionais.

Desde o ano 2015, o parque empresarial das Gándaras, como todos os que xestiona a Xunta na provincia de Lugo, ofrece solo industrial con prezos de venda bonificados nun 50 %, polo que as empresas que adquiriron parcelas nel durante este período aforraron preto de 17,6 millóns de euros nas súas operacións.

De feito, cómpre subliñar que desde que o Executivo autonómico decidiu apostar por unha política de incentivos para animar as empresas a asentarse en polígonos da súa propiedade, As Gándaras foi un dos tres parques empresariais galegos en que máis solo empresarial se adxudicou, xunto co de Morás (Arteixo) e Bértoa (Carballo).

En total e desde a posta en marcha da primeira fase do polígono lucense, xa foron adxudicadas 149 parcelas cunha superficie de 488.278,82 metros cadrados e nas cales se implantaron 86 proxectos empresariais. Ademais, cómpre subliñar que a totalidade do solo dispoñible nas dúas primeiras fases xa está vendido, mentres que na terceira, cuxa urbanización se completou o pasado mes de maio, quedan 8 parcelas en venda a un prezo de 60 euros o metros cadrado, unha vez aplicada xa a correspondente bonificación.

A distribución da superficie e das parcelas entre as tres fases da ampliación incluídas no contrato de urbanización autorizado hoxe é a seguinte:

FASE	NÚMERO DE PARCELAS	SUPERFICIE TOTAL m ²	SUPERFICIE DE PARCELAS m ²
IV	25	67.703	50.264
V	12	96.959	66.792
VII-a	1	53.810	39.006
TOTAL	38	218.472	156.044

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

FASES DO PE AS GÁNDARAS DESENVOLVIDAS E OBXECTO DA NOVA AMPLIACIÓN



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA POTENCIA A AXILIZACIÓN ADMINISTRATIVA FACILITANDO OS TRÁMITES AOS AGRICULTORES, GANDEIROS E SILVICULTORES CUNHA PLATAFORMA DIXITAL PARA O RURAL GALEGO

- O Consello aproba a contratación dun conxunto de ferramentas tecnolóxicas ao servizo de agricultores, gandeiros e silvicultores para mellorar a xestión das explotacións, incidencias e alertas, inspeccións e a comunicación coa Administración
- Esta iniciativa permitirá aos agricultores notificar posibles ataques de pragas ou enfermidades detectadas nas súas parcelas e facilitará á Administración emitir alertas a explotacións que se atopen nun radio determinado dende o foco do contaxio
- A nova plataforma está aberta a tecnoloxías como a intelixencia artificial ou o internet das cousas, ten un valor estimado de 8,4 millóns de euros e estará cofinanciada polo programa FEDER Galicia 2021-2027
- Incluirá tanto ferramentas e aplicacións web como aplicacións para dispositivos móbiles para os titulares das explotacións e para os técnicos da Administración
- Entre as novas funcionalidades atópase un 'hub' de inspeccións que permitirá executar os plans de control e inspección dun xeito centralizado
- Haberá aplicacións específicas adaptadas ás necesidades de xestión dos distintos eidos sectoriais: viñedos, explotacións agrarias, montes...
- A plataforma porá a disposición dos produtores ferramentas para cumprir as obrigas relacionadas co caderno de explotacións dixitais

A Xunta de Galicia continúa apostando por facilitar os trámites aos cidadáns mediante a axilización administrativa e a simplificación burocrática aproveitando a tecnoloxía. Nesta liña, o Consello do Goberno galego aprobou autorizar a contratación dunha plataforma tecnolóxica de servizos que permitirá ao produtores e a Administración a xestión electrónica das explotacións agrarias, gandeiras e forestais. A nova plataforma estará preparada para acoller proxectos innovadores de simulación, *machine learning*, intelixencia artificial ou interacción con dispositivos de internet das cousas (IoT).

Ademais, cómpre salientar que esta ferramenta facilitará ao agricultor a notificación de posibles ataques de pragas ou enfermidades detectadas nas súas parcelas. Deste xeito, incorpórase a posibilidade de que a Administración emita un aviso ou alerta dirixido a explotacións que se atopen nun radio determinado dende o foco do contaxio. Deste xeito, optimízase a xestión deste tipo de situacións, co conseguinte beneficio para os principais interesados, os agricultores e gandeiros.

A plataforma conta cun orzamento de licitación de 6 millóns de euros, entre 2023 e 2027, e un valor estimado de 8,4 millóns de euros. A actuación estará cofinanciada polo

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

programa FEDER Galicia 2023-2027. As primeiras aplicacións estarán dispoñibles para agricultores e gandeiros este ano.

As novas ferramentas tecnolóxicas incluídas nesta plataforma permitirán a agricultores, gandeiros e propietarios forestais acceder a servizos e información nun punto centralizado, xeolocalizar e modificar elementos, acceder ao rexistro gráfico de actuacións e incidencias, emitir ou recibir mensaxes de alerta, manter un control económico e produtivo ou interactuar coa Administración de maneira dixital e directa.

A Administración poderá mellorar a xestión das explotacións, en conexión co Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia; disporá dun punto centralizado de información actualizada, servizos de intercambio de información co produtor, análise e toma de decisións ou comunicacións sobre alertas, avisos ou recomendacións.

Caderno de explotacións

A plataforma porá a disposición dos produtores ferramentas para cumprir as obrigas relacionadas co caderno de explotacións dixitais recollidas na lexislación, como o Real Decreto que establece e regula o Sistema de información de explotacións agrícolas e gandeiras, o Rexistro autonómico e o caderno dixital; ou a orde APA que establece e regula os contidos do Rexistro de explotacións agrícolas e o caderno dixital. Estas ferramentas permitirán a coordinación e interoperación entre a nova Plataforma Dixital Agroforestal de Galicia e o Sistema de Información de Explotacións Agrarias SIEX do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Entre as novas funcionalidades da plataforma destaca o 'hub' de inspeccións, que permitirá executar os plans de control e inspeccións dun xeito centralizado, con formularios dinámicos, seleccións e xestión de mostra, xeración de actas de control ou asignación de técnicos.

Disporá ademais, entre outros, de dous novos sistemas específicos de xestión de viñedos; un novo Rexistro de Explotacións de Galicia (REAGA-EVO); integración cos sistemas de rexistro e de axudas de montes; novos servizos de soporte e decisión con algoritmos de intelixencia artificial para o tratamento e explotación de datos; ou dunha evolución do módulo de sistemas de información xeográfico (XIS) e visor asociado.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O PROXECTO DUNHA GLORIETA NA AC-116, NO VAL, E DA NOVA CONEXIÓN CO POLÍGONO EMPRESARIAL RÍO DO POZO, EN NARÓN, CUN INVESTIMENTO DE 935.000 €

- O Executivo autonómico autoriza as expropiacións para mellorar a seguridade viaria no Val, coa execución desta glorieta na intersección da AC-116 coa vía provincial DP-5408 e co viario local de acceso á zona de costa
- Nesta intervención inclúese a execución da nova conexión directa prevista no Plan sectorial da rede viaria de Ferrol e área de influencia entre o parque industrial e a AC-116, onde se executará tamén unha nova glorieta no punto 3+630
- A nova conexión conectará a AC-116 coa autovía Ferrol-Vilalba a través do polígono e evitará o paso do tráfico pola estrada provincial DP-5408 en Santa Margarida, o que beneficiará os seus veciños
- A previsión é convocar as expropiacións entre o último trimestre de 2023 e o primeiro do vindeiro ano, co obxectivo de licitar as obras en 2024
- O Goberno galego continúa mellorando a rede viaria autonómica para reforzar a seguridade viaria e a comodidade dos usuarios, así como para apoiar o desenvolvemento económico e o tecido industrial

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto para a construción dunha glorieta no punto quilométrico 4+120 da AC-116, no Val, e da conexión co polígono empresarial Río do Pozo, no concello de Narón.

O investimento que o Goberno galego destinará a esta nova actuación no municipio coruñés roldará os 935.000 euros, incluíndo o pagamento dos 8 predios necesarios para impulsar estas obras.

O obxectivo é a mellora da seguridade viaria na estrada AC-116, na súa intersección coa estrada provincial DP-5408 no Val, mediante a execución dunha glorieta e da conexión da dita estrada autonómica co polígono empresarial Río do Pozo, para o cal se executará unha segunda glorieta no quilómetro 3+630.

A aprobación definitiva deste proxecto por parte do Executivo autonómico leva tamén aparellada a declaración de utilidade pública, pola que se dispón a urxente ocupación dos terreos necesarios para executar esta intervención. A superficie de expropiación será de 275,38 m² en solo urbanizado e de 4.331,80 m² en solo rural.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En concreto, a intervención consiste na construción dunha glorieta no citado punto 4+120 da AC-116, na intersección coa vía provincial DP-5408 e co viario local de acceso á zona de costa.

Mediante esta intervención búscase mellorar a seguridade viaria na zona do Val, substituíndo a actual intersección en cruz con carrís centrais de xiro á esquerda e cuñas de aceleración e deceleración.

Ademais, e para completar a intervención, inclúese a execución dunha segunda glorieta sur e o novo acceso ao polígono do Río do Pozo: situarase no quilómetro 3+630 da AC-116, no cal será a intersección co novo viario de acceso ao polígono. Conectarase deste xeito a AC-116 coa autovía Ferrol-Vilalba (AG-64) a través do polígono.

Esta nova conexión está prevista no Plan sectorial da rede viaria de Ferrol e área de influencia, cuxa actualización foi aprobada pola Xunta de Galicia, e evitará o paso do tráfico pola estrada provincial DP-5408 en Santa Margarida, o que beneficiará os seus veciños.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade convocará os actos expropiatorios no último trimestre de ano e no primeiro de 2024, co obxectivo de licitar as obras no vindeiro ano. A actuación ten un prazo de execución de 12 meses.

O Goberno galego continúa mellorando a rede viaria autonómica para reforzar a seguridade e a comodidade dos usuarios, así como para apoiar o desenvolvemento económico e o tecido industrial.

Plano de situación e de planta da actuación aprobada hoxe no Consello da Xunta::



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACTIVA A PRIMEIRA CONVOCATORIA DO FONDO DE TRANSICIÓN XUSTA CON 6,5 M€ PARA IMPULSAR CENTROS DIXITAIS NA PROVINCIA DA CORUÑA

- O obxectivo é facilitarlles ás pequenas e medianas empresas o acceso a dotacións dixitais e servizos avanzados a prezos competitivos e con prazos axustados ás súas necesidades, impulsando a dixitalización do tecido empresarial e a modernización da industria
- Con anticipos de ata o 80 %, estas infraestruturas poderán ser para uso exclusivo da empresa promotora do proxecto ou ben para o seu uso aberto e compartido
- A liña enmárcase no programa de Fondos de Transición Xusta, que buscan xerar un impacto económico e social positivo nestas zonas, que no caso de Galicia están localizadas na provincia da Coruña
- Os proxectos poderán consistir, entre outros, na creación de centros dixitalizados para o desenvolvemento de sistemas e conectividade dixital, monitorización ou xestión remota de activos ou instalacións, ou control e comando de operacións en calquera ámbito de actividade

O Consello da Xunta deu luz verde hoxe á primeira convocatoria de axudas do Fondo de Transición Xusta para a provincia da Coruña. Trátase do novo Programa de centros dixitais que, promovido pola Consellería de Economía, Industria e Innovación a través do Igape, suma preto de 6,5 M€ para mellorar a dixitalización do tecido empresarial e modernizar a industria galega a través de novos proxectos de creación deste tipo de infraestruturas na provincia coruñesa. Deste xeito, contribuirase, tanto a nivel empresarial como local, a mellorar a dixitalización dos procesos empresariais, a contorna das empresas e os consumidores, e a modernizar e desenvolver a base industrial.

Cómpre salientar que a dispoñibilidade local destas infraestruturas dixitais de apoio e reforzo á industria beneficia de xeito especial as pemes, ao permitirilles acceder a dotacións dixitais e servizos avanzados a prezos competitivos e con prazos axustados ás súas necesidades.

Neste marco, os centros dixitais, que poderán ser para uso exclusivo da empresa promotora do proxecto ou ben para o seu uso aberto e compartido, fomentarán o desenvolvemento de sistemas e conectividade dixital, a monitorización ou xestión remota de activos ou instalacións, e o control e comando de operacións en calquera ámbito de actividade, especialmente para instalacións de produción ou de xeración de enerxías renovables e no ámbito da mobilidade.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Así, o programa permitirá impulsar, entre outros, sistemas de simulación e sistemas de control de activos conectados, frotas de vehículos, captación e almacenamento de datos; sistemas de telemetría e telecomando tamén aplicables a vehículos e frotas, así como a instalacións enerxéticas, zonas de seguridade e espazos loxísticos.

O prazo de presentación de solicitudes será de dous meses desde a súa publicación. Ademais, o investimento subvencionable oscilará entre os 100.000 euros e os 3 M€. Así mesmo, está prevista a posibilidade de realizar pagamentos anticipados de ata o 80 % do importe da axuda.

A través dos centros dixitais, o Goberno galego reforza a súa aposta por un modelo de crecemento intelixente, sustentable e innovador, contribuindo á modernización e desenvolvemento da base industrial da zona en que se instalen. Neste sentido, cómpre salientar que a liña se enmarca no Programa de fondos de transición xusta, que buscan xerar un impacto económico e social positivo e contribuír á consolidación das pequenas e medianas empresas nos lugares definidos para estas zonas, e que, no caso de Galicia, se localizan na provincia da Coruña.

Así mesmo, o programa dá continuidade a outro tipo de iniciativas deste estilo, como os centros de fabricación avanzada, que contará cunha segunda convocatoria logo de pecharse a primeira coa creación de seis centros que suman máis de 16 M€ en apoios e que están a permitir promover proxectos en sectores industriais diversos, como as TIC, o biotecnolóxico, o turismo ou o agroalimentario.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AFONDA NA AUTOMATIZACIÓN E AFORRO NO SERGAS COA RENOVACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE LOXÍSTICA INTEGRAL

- A licitación do expediente de contratación ten un orzamento próximo aos 70 millóns de euros para cinco anos
- Cada día aténdense máis de 11.000 solicitudes e está automatizado o 72 % dos pedidos
- O contrato inclúe como novidades a dotación de novo equipamento para estender a automatización da plataforma loxística a novos servizos
- O modelo galego espertou o interese de representantes sanitarios de Euskadi, a Comunidade de Madrid, Salamanca e Barcelona, que visitaron nos últimos meses as instalacións da plataforma centralizada en Negreira

O Consello da Xunta autorizou hoxe o expediente de contratación do servizo de loxística integral para o Servizo Galego de Saúde por un importe total de 68.809.678,37 euros durante cinco anos, co obxectivo de afondar na eficiencia operativa do servizo loxístico, diminuíndo as tarefas de xestión do persoal sanitario e co correspondente aforro loxístico e do valor dos seus stocks.

As vantaxes en rastrexabilidade e automatización da xestión loxística do Servizo Galego de Saúde foron coñecidas in situ por responsables do Goberno vasco e da Comunidade de Madrid e por persoal do Hospital Clínico de Salamanca e do Clínic de Barcelona nas súas correspondentes visitas á Plataforma integral do Sergas situada en Negreira. Nelas, espertou especial interese o concepto integral de loxística, ao incluír entrega e colocación en punto final, o que evita que esta tarefa teña que ser realizada por persoal dos centros sanitarios.

Cada día a plataforma loxística atende máis de 11.000 solicitudes, respondendo os pedidos de emerxencia, de ser necesario, en menos de 2 horas e media. Para o control das necesidades habituais, a incorporación do modelo de priorización *kanban* elimina o labor administrativo do persoal sanitario de redactar un pedido e controlar o stock. Actualmente, para a súa reposición, só é necesario introducir unha tarxeta nun lector cando se consome un dos caixóns dos estantes.

Igualmente, para próteses e implantes, os armarios RFID (Identificación por radiofrecuencia) supuxeron unha mellora en rastrexabilidade, ao contaren con control de accesos e estaren conectados á historia clínica de cada paciente.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Reforzo da automatización de solicitudes das unidades de consumo

Entre as novidades que se inclúen nesta nova licitación destaca o mantemento e a actualización do equipamento actual, xa que desde a finalización do primeiro contrato pasou a ser propiedade do Sergas.

Ademais, contarase con novos armarios RFID, cos cales se pretende mellorar a porcentaxe de depósitos xestionados a través de radiofrecuencia, estenderase o modelo de priorización *kanban* a aqueles ámbitos hospitalarios onde se traballa con solicitudes a demanda (fundamentalmente laboratorios e consultas) e estenderase a incorporación da soroterapia á plataforma loxística.

Así, dispor dun servizo loxístico integral permítelle ao Sergas optimizar e homoxeneizar stocks entre as distintas áreas sanitarias, ademais de minimizar a dedicación do persoal sanitario a tarefas relacionadas coa subministración de material.

Con respecto ao contrato que supuxo a posta en marcha en 2013 do servizo de loxística integral, o prezo desta licitación increméntase nun 10,80 % debido fundamentalmente aos novos investimentos en equipamento, ao seu mantemento e ás necesarias actualizacións tecnolóxicas, á colaboración coa Dirección Xeral de Saúde Pública na loxística de vacinas COVID e ao maior custo de persoal en aplicación do convenio colectivo do sector.

Despois da autorización do Consello da Xunta, publicarase a licitación do expediente e os seguintes pasos serán a recepción e valoración de ofertas, adxudicación e, por último, a formalización dos contratos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A CAMPAÑA DE VACINACIÓN FRONTE A GRIPE E O COVID ARRANCARÁ O 25 DE SETEMBRO NAS RESIDENCIAS DE MAIORES E PERSOAS CON DISCAPACIDADE

- Resalta que apostar pola vacinación como medida de prevención para adiantarse aos problemas de saúde é un dos obxectivos da Estratexia galega de saúde 2030 que inicia hoxe a súa tramitación
- Trátase, explicou, da “folla de ruta” para afrontar os retos da sanidade nos vindeiros sete anos
- Destaca que a Xunta aproba por primeira vez “unha planificación conxunta das prioridades en saúde pública, asistencia sanitaria e investigación sanitaria”, froito da necesidade de maior integración entre estas políticas aprendida na pandemia
- O conselleiro de Sanidade explica que o documento tamén fixa coma obxectivos avanzar cara unha medicina máis personalizada, a integración áxil da innovación, o incremento da transparencia nos resultados e a maior transversalidade da saúde no conxunto das políticas públicas autonómicas
- A Estratexia prioriza liñas como a xeneralización do diagnóstico xenético, a atención domiciliaria, as actividades de promoción de estilos de vida saudables ou reforzar a capacidade de análise do Sergas cun departamento de información e análise dos resultados en saúde que permita definir indicadores e publicar información

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o vindeiro 25 de setembro arrancará a campaña de vacinación da gripe e da covid nas residencias de maiores e persoas con discapacidade da comunidade. O presidente resaltou que “a vacinación xoga un papel fundamental” na prevención de enfermidades e no impulso de camiñar cara unha sanidade máis proactiva, é dicir, actuar antes de que se produza un problema de saúde. Este é un dos obxectivos principais da Estratexia galega de saúde 2030 que inicia a súa tramitación tras ser avaliada hoxe polo Consello na súa reunión semanal.

Rueda explicou que esta Estratexia “é unha folla de ruta” para afrontar os retos da sanidade do futuro e chega despois de que a pandemia “deixase clara a necesidade dunha maior integración das políticas sanitarias en marcha”. De feito, tal e como subliñou o presidente, “é a primeira vez que se realiza unha planificación conxunta das prioridades en saúde pública, atención aos pacientes e investigación sanitaria”.

A aprobación desta planificación integrada é un mandato derivado da reforma da Lei de saúde de Galicia que o Parlamento autonómico aprobou tras a fase aguda da pandemia.

Tal e como indicou o conselleiro de Sanidade, Julio García Comesaña, esta Estratexia conta con 20 programas e ata 100 liñas de actuación. Entre os principais obxectivos está

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

que o sistema público galego adopte un enfoque máis proactivo, incrementando a actividade que se realiza sen agardar á aparición dun problema de saúde: desde a actividade de vixilancia epidemiolóxica ata as accións de prevención como a vacinación ou os cribados, ou as actuacións de saúde comunitaria e dos plans locais de saúde para favorecer estilos de vida saudables, mellorar o estado xeral de saúde e previr a aparición das enfermidades.

Nesta liña, o conselleiro salientou que Galicia “conta co calendario de vacinación infantil e o cribado neonatal máis completo” de España e que a comunidade galega foi a primeira en anunciar “que incluírá os cribados de cancro de pulmón e próstata así como ampliar a idade do de mama”.

Outro dos obxectivos da Estratexia é camiñar cara a unha atención máis integrada e personalizada, adaptada á situación de Galicia de elevada presenza de pacientes crónicos e complexos. Avanzar na conexión entre niveis asistenciais e o sociosanitario, posta en marcha de procesos asistenciais integrados, unidades multidisciplinares, reforzo da capilaridade territorial no rural, atención domiciliaria, monitorización a distancia e ampliación dos mecanismos de comunicación do paciente co sistema, así como nas tecnoloxías que faciliten a medicina de precisión e os tratamentos adaptados a cada paciente.

Ademais, traballarase en deseñar mecanismos de integración da innovación. O eido sanitario está a experimentar avances disruptivos que supoñen cambios radicais en curtos períodos de tempo e o sistema debe ter ferramentas para incorporalos con axilidade, o que supón traballar “nunha maior conexión entre a atención sanitaria e o ecosistema de I+D+i sanitario”, indicou o conselleiro; na posta en marcha dunha oitava área sanitaria para o apoio tecnolóxico a distancia das áreas físicas; no desenvolvemento de mecanismos de compra pública innovadora para incorporar novos sistemas ou tecnoloxías; na xeneralización do diagnóstico xenético ou na integración de ferramentas de transformación dixital na relación cos usuarios, e no apoio aos profesionais coa intelixencia artificial ou o *big data*.

A nova Estratexia tamén vai fomentar a transparencia dos resultados do sistema sanitario. Proponse reforzar a capacidade de análise do Sergas cun departamento de información e análise dos resultados en saúde e potenciando os mecanismos de medición da experiencia dos pacientes, que permitan deseñar sistemas de indicadores baseados nos resultados en saúde e desenvolver mecanismos de avaliación máis completos como acordos de xestión plurianuais coas áreas sanitarias ou modelos de avaliación do desempeño para os profesionais, así como instrumentos de transparencia

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

cara á cidadanía con información de calidade sobre actividade e desempeño dos recursos do sistema e sobre os datos de saúde da poboación galega.

E, por último, esta folla de ruta aposta tamén por dar maior transversalidade á saúde nas políticas públicas máis alá da Consellería de Sanidade. Crearase unha Comisión Interdepartamental de Saúde para coordinar o impacto en saúde das distintas políticas da Xunta en materias como educación, economía ou transporte, e reforzase o enfoque «Unha soa saúde» para dar coherencia ás políticas ambientais, de sanidade animal e de saúde pública.

A estratexia incorpora tamén perspectiva de xénero na súa diagnose e nas súas medidas de futuro, priorizando a abordaxe dos problemas de saúde en que existen desigualdades de xénero e reforzando as políticas activas de igualdade para o persoal sanitario. Tamén prevé o impacto do cambio climático na saúde e inclúe actuacións de sostibilidade aliñadas coa recente Estratexia de economía circular.

Proceso participativo e tramitación transparente

O texto aprobado inicialmente hoxe polo Consello da Xunta contou coa participación de máis de 60 profesionais da estrutura directiva e dos centros sanitarios a través de 18 sesións de traballo, recolleu suxestións de 150 entidades como colexios profesionais, sociedades científicas, universidades, asociacións de pacientes, organizacións sindicais e outras entidades do sector sanitario. Alíñase coa Estratexia europea de saúde e coa Axenda 2030 de desenvolvemento sostible das Nacións Unidas.

De xeito inmediato, este documento será publicado no Portal de transparencia e Goberno aberto da Xunta de Galicia para recibir alegacións e suxestións da cidadanía.

Posteriormente, o texto da Estratexia será sometido a unha análise de impacto de xénero e será presentado aos distintos órganos de participación e asesoramento da Consellería de Sanidade. A versión final do documento será sometida de novo ao Consello da Xunta para a súa aprobación definitiva e remisión ao Parlamento de Galicia, onde será presentada aos grupos políticos polo conselleiro de Sanidade nunha comparecencia específica.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA SUMA CÁRITAS LUGO E AS ESCOLAS FAMILIARES AGRARIAS AO SEU PROXECTO PIONEIRO DE ARRAIGAMENTO PARA A FORMACIÓN PARA INMIGRANTES EN SITUACIÓN IRREGULAR

- O Consello da Xunta autorizou a sinatura de dous convenios aos cales a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade destinará case 210.000 €, co convencemento de que o emprego abre as portas do benestar e potencia a integración destas persoas
- O obxectivo da iniciativa –á cal xa se sumara Cáritas Federadas en Galicia– é que os inmigrantes en situación irregular poidan obter unha autorización de residencia e de traballo, ao tempo que se fai fronte á escaseza de man de obra en certos sectores
- Cáritas Lugo e as escolas familiares agrarias (EFA) galegas porán á disposición os recursos humanos e materiais precisos para a execución do programa, mentres que a Xunta facilitará información relativa a ofertas de traballo non cubertas e aos perfís profesionais máis demandados

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura de convenios de colaboración entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e Cáritas Diocesana de Lugo, por unha banda, e a Federación de Escolas Familiares Agrarias (EFA) de Galicia, por outra, para o desenvolvemento dun proxecto piloto de arraigamento para a formación dirixido a persoas inmigrantes en situación irregular. Trátase dunha iniciativa pioneira –á cal xa se sumara Cáritas Federadas en Galicia– que persegue que estas persoas poidan obter unha autorización de residencia e de traballo que facilite a súa integración sociolaboral e a regularización da súa situación, ao tempo que se contribúe tamén a facer fronte á escaseza de man de obra en certos sectores do mercado laboral.

En concreto, a Xunta investirá preto de 210.000 euros no marco destes convenios, que se executarán entre este ano e o próximo (119.200 euros para Cáritas Lugo e 89.400 euros para as EFA), co convencemento de que o emprego abre as portas do benestar e potencia a integración destas persoas. O acordo formalizarase tras a entrada en vigor o ano pasado do Real decreto polo que se modificou o Regulamento da Lei orgánica sobre dereitos e liberdades das persoas estranxeiras en España e a súa integración social, co que tamén entrou en vigor a nova figura do arraigamento para a formación. Deste xeito, aquelas persoas que residan en España en situación irregular e cumpran un compromiso efectivo de formación poderán obter unha autorización de residencia.

Así, en virtude desta figura, que se levará á práctica cos presentes convenios, poderase –por un lado– obter persoal coa formación necesaria para cubrir postos de traballo que

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

ofertan as empresas e –por outro– incorporar ao mercado laboral persoas que estean traballando de maneira precaria ou directamente irregular. En concreto, poderán beneficiarse persoas en situación irregular en España, cunha permanencia mínima de dous anos no país, sen antecedentes penais e que se comprometan a realizar unha formación das establecidas, para poderen obter unha autorización de residencia e posteriormente unha autorización de residencia e traballo.

Desenvolvemento dos convenios

O proxecto piloto está integrado por un itinerario de arraigamento para a formación que arrancará coa captación de potenciais persoas participantes, coa prospección empresarial para determinar ámbitos de formación con maiores posibilidades de inserción laboral e coa selección das persoas beneficiarias. Posteriormente, elaboraranse itinerarios individualizados de arraigamento para a formación nos cales se deberán incluír accións de diagnose, deseño, seguimento e acompañamento; así como accións de adquisición e/ou fortalecemento das capacidades para o acceso e a permanencia no mercado laboral.

Seguidamente, o proxecto piloto recolle a formación capacitante para obter a autorización de arraigamento para a formación, tendo en conta os resultados da prospección empresarial, a inserción laboral das persoas participantes, que deberá ser a través dun contrato de traballo relacionado coa familia profesional da formación recibida e acreditada no arraigamento para a formación e, por último, o acompañamento e seguimento individualizado durante todo o proceso de arraigamento para a formación, incluída a fase de inserción laboral.

No marco do convenio, tanto Cáritas Diocesana de Lugo como a Federación de Escolas Familiares Agrarias de Galicia comprométese a desenvolver todas as accións e funcións descritas e a pór á disposición os recursos humanos e materiais precisos para a súa execución. Pola súa banda, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, máis alá de achegar preto de 210.000 euros para o obxecto dos acordos, comprométese a facilitar a información de que dispoña relativa a ofertas de traballo non cubertas e aos perfís profesionais máis demandados.

Compromiso da Xunta

No eido da formación, a iniciativa enmárcase nos programas levados a cabo pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, concretamente a través da Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación, co gallo de impulsar a formación de cara á consecución dun traballo estable e de calidade e, ao tempo, cubrir as vacantes existentes no mercado laboral.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En referencia a novos traballadores procedentes do exterior, cómpre mencionar a Estratexia Galicia retorna 2023-2026, na cal se enmarca a Estratexia cualifica retorna, que favorecerá o regreso de centos de galegos cun contrato de traballo indefinido buscando conectar as vacantes laborais con perfís altamente cualificados doutros países.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA CONTARÁ COA ESTRATEXIA DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL HORIZONTE 2027, COA CAL FARÁ FRONTE AOS RISCOS DERIVADOS DAS NOVAS FORMAS DE TRABALLO

- O Consello da Xunta aprobou hoxe o documento aprobado co consenso dos interlocutores sociais e que prevé un orzamento de 55,8 M€ ata 2027
- A estratexia incide na prevención dos riscos psicosociais vencellados co traballo e nas medidas para combater a sinistralidade en sectores como o dos coidados, a pesca, a construción ou o forestal
- Parte do traballo deste marco centrarase na formación da mocidade, das persoas traballadoras e das empresas
- A Xunta quere tamén promover o benestar laboral e unha adecuada saúde nos espazos de traballo
- O documento aspira a xerar unha cultura de prevención con perspectiva de xénero

O Consello da Xunta aprobou hoxe a Estratexia de Seguridade e Saúde no Traballo de Galicia: Horizonte 2027, un documento que permitirá adecuar a prevención de riscos ás novas formas de traballo e que incidirá, de xeito decisivo, na redución da sinistralidade nos sectores máis afectados.

O Goberno galego propón, con este documento, un desenvolvemento ordenado e eficaz das políticas do Goberno galego en materia de prevención de riscos laborais e promoción da saúde no traballo. Estará dotado con 55,8 M€ para todo o período de vixencia.

A estratexia que bota agora a andar foi resultado dun proceso participativo e conta co consenso do diálogo social e as achegas de diferentes departamentos da Xunta.

Entre outras bondades, a planificación adáptase aos actuais marcos estratéxicos europeo e español e dá resposta á transformación ecolóxica, social e dixital que se está a vivir.

O documento, así, ademais de supor un salto cualitativo para sentar as bases da cultura do benestar laboral na Comunidade e de asumir como principio a perspectiva de xénero, enfronta os riscos derivados dos novos escenarios laborais.

Entre os seis obxectivos estratéxicos e as máis de 135 medidas que se van desenvolver, recolle actuacións para adaptar a xestión preventiva ao uso das novas tecnoloxías nas

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

contornas laborais, como a intelixencia artificial, o *big data*, os robots colaborativos, a Internet das cousas, os algoritmos ou as plataformas dixitais de traballo.

Unha das prioridades será a de enfrontar os riscos psicosociais que afectan as persoas traballadoras (estrés, violencia, desgaste laboral...) e tratar de reducir, con carácter xeral, os danos na saúde das persoas, tanto accidentes laborais como enfermidades profesionais. Na mesma liña, quere combater patoloxías non traumáticas, riscos ergonómicos e os relacionados coa exposición a substancias e axentes perigosos.

A nova estratexia, doutra banda, mira os colectivos vulnerables ante o traballo e incidirá en sectores con alta sinistralidade. Menciona o dos coidados, o forestal, o da construción ou da pesca como algún dos prioritarios. Tamén terá en conta o idadismo e a diversidade xeracional para incidir na mellora da seguridade e saúde no traballo.

A Xunta de Galicia avogará por xerar coñecemento e sensibilizar na cultura da prevención a persoas traballadoras, empresarios e mesmo ao alumnado, nas diferentes etapas educativas, polo que no novo marco se reforzará a formación.

Na elaboración da Estratexia, que situará Galicia á vangarda da seguridade e saúde no traballo, tívose en conta a configuración do tecido empresarial galego, integrado de xeito principal por pemes e micropemes nas cales existe unha especial dificultade na integración da cultura preventiva e unha excesiva externalización da súa xestión. Incrementar a calidade das actuacións preventivas destas empresas e acompañar tamén os traballadores autónomos serán dous dos propósitos nestes anos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA LICITARÁ ESTE MES O CONCURSO DE IDEAS PARA A REHABILITACIÓN ARQUITECTÓNICA DA FINCA DE LOURIZÁN

- O Consello da Xunta aprobou hoxe as bases técnicas do certame, dentro da aposta do goberno autonómico por recuperar o valor histórico do pazo e convertelo nun ecosistema de coñecemento e divulgación científica multisectorial, con especial foco no forestal
- A convivencia entre ciencia, innovación, divulgación e formación permitirá tamén un uso da hostalaría e restauración ligado a un público orientado a un polo cultural e paisaxístico
- O obxecto deste concurso, dotado con 151.250 euros, é seleccionar a mellor idea para restaurar e poñer en valor os edificios deste espazo, logo de que en xullo se anunciaran os case 18 millóns de euros destinados a este obxectivo
- Na primeira fase do concurso, escolleranse as oito propostas que posúan unha maior solvencia técnica e profesional, baseándose nun sistema de puntos no que inflúen criterios como as súas referencias acreditadas noutros proxectos

O Consello da Xunta aprobou hoxe as bases técnicas que rexerán a convocatoria do concurso de ideas para a rehabilitación arquitectónica da finca do Pazo de Lourizán, que sairá a licitación este mes. O obxecto deste concurso é seleccionar a mellor idea para restaurar e poñer en valor os edificios da finca, logo de que en xullo se anunciaran os case 18 millóns de euros destinados a este obxectivo.

É un concurso de ideas aberto e anónimo, formado por dúas partes diferenciadas. Na primeira, escolleranse as oito propostas que posúan unha maior solvencia técnica e profesional, baseándose nun sistema de puntos no que inflúen criterios como as súas referencias acreditadas noutros proxectos. Tras a selección remitirase unha invitación escrita aos candidatos seleccionados para que presenten documentos nos que se desenvolva dun xeito máis pormenorizado o proxecto a desenvolver. Está dotado con 151.250 euros, dos que 48.400 euros serán para a idea gañadora.

Estas propostas deberán estar centradas no mantemento das actividades principais de formación e investigación, complementándoas cun programa ampliado de divulgación. Neste senso, converterase o Pazo de Lourizán na sede do arquivo histórico de montes de Galicia, co fin de recuperar, centralizar e conservar toda a documentación e información existente sobre o monte galego ao longo do tempo; ademais de reforzar a súa relevancia histórica da finca e propoñendo a coexistencia dos usos divulgativos e demostrativos cun uso turístico do complexo. Porque a convivencia entre ciencia, innovación, divulgación e formación permitirá tamén un uso de hostalaría e restauración ligado a un público orientado a un ecoturismo cultural e paisaxístico.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Na seguinte fase, o xurado emitirá o seu fallo baseándose en criterios arquitectónicos, técnicos, de eficiencia enerxética e medioambiental ou a proposta de aproveitamento dos espazos exteriores. O prazo para presentar as solicitudes de participación na primeira fase acabará logo de 30 días naturais desde a data de publicación do anuncio da licitación. Logo da selección dos oito licitadores con maior solvencia, daráselles un prazo de dous meses para que presenten os seus proxectos conceptuais.

Coñecemento, divulgación e ecoturismo

Con esta rehabilitación, a Xunta de Galicia formúlase a creación dun ecosistema de coñecemento e divulgación en Lourizán, á fin de dar resposta a unha dobre gran oportunidade, por unha banda, recuperar un espazo de alto valor histórico-natural e, doutra banda, a creación dun gran polo de estudo e investigación multisectorial, de carácter público-privado. Búscase que, apoiándose no Plan Forestal de Galicia 2021-2040 "Cara á neutralidade carbónica", contribúa de forma notable a impulsar a xestión forestal sustentable e activa, poñendo en valor todos os recursos e servizos que provén os bosques galegos, fomentando o uso de madeira, satisfacendo as necesidades do noso sector forestal e as expectativas demandadas pola sociedade galega.

Así, entre os obxectivos desta iniciativa destacan o de manter as actividades principais de formación e investigación, complementadas cun programa ampliado de divulgación. Deste xeito, a transferencia da información e do coñecemento alcanzado reforzarase co establecemento de lazos colaborativos co sector empresarial, que terá presenza nas instalacións a través da creación de incubadoras e aceleradoras de empresas forestais. A presenza das universidades galegas completará o esquema participativo que se propón para o complexo.

Tamén se traballará para converter este espazo na sede do arquivo histórico de montes de Galicia, permitindo así recuperar, centralizar e conservar toda a documentación e información dispoñible sobre o monte galego ao longo do tempo. Toda esta documentación integrárase na biblioteca forestal galega dentro do proxecto de rehabilitación do pazo, e complementarase coa recuperación e exposición dos valiosos herbolario e bichario dos que dispón o centro, así coma un extenso mostrario de seccións de troncos de árbores.

Outra finalidade será a de reforzar a relevancia histórica do predio e aproveitar a longa tradición de visitas de público en xeral. Propónse unha reordenación paisaxística, para converter o espazo nun parque atractivo que combine as actividades de investigación, exposición e conferencias e que, ao mesmo tempo, se converta nun lugar recreativo e de aprendizaxe.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A coexistencia dos usos divulgativos e demostrativos cun uso turístico pode ser unha ferramenta para afondar na potenciación do propio pazo e avanzar na súa apertura á sociedade. Neste sentido, en próximas datas xa se comezarán a organizar visitas guiadas ao complexo.

Trátase, ademais, de dar valor ao propio pazo, un importante elemento do patrimonio histórico, que unha vez restaurado converterase na peza central do predio. Os usos serán reordenados, racionalizando os camiños e viarios, os aparcadoiros e os servizos, co fin de crear unha contorna única (e separada) para os investigadores, os residentes e os visitantes. Repararanse e restauraranse outros edificios e os invernadoiros abriranse, na medida do posible, aos visitantes. O deseño paisaxístico englobará os elementos científicos e de investigación, ademais das árbores históricas e contornas recreativas como o seu propio xardín botánico, recoñecido pola prestixiosa rede de xardíns ibero-macaronésicos.

O Pazo de Lourizán

Trátase dunha superficie de 46,55 hectáreas, formada por catro parcelas catastrais. O seu propietario máis famoso foi o político galego Eugenio Montero Ríos, que adquiriu a propiedade xunto coa súa esposa, Avelina Villegas, no ano 1879 e que foi quen encargou a Jenaro de la Fuente a reforma e deseño do pazo como unha residencia de verán pola que se pasaron importantes personalidades da época. Nos seus salóns negociáronse cuestións políticas de máximo interese, como o Tratado de París de 1898, polo que se cederon as últimas terras coloniais que quedaban: Porto Rico, Filipinas, Cuba e Guam.

No ano 1943 a finca de Lourizán foi mercada a través de escritura pública pola Deputación de Pontevedra á Caixa de Aforros e á Marquesa de Alhucemas, correspondendo unha quinta parte á marquesa, e o resto á Caixa de Aforros, formalizándose o escrito público de compravenda en data 8 de outubro de 1943. O 3 de novembro de 1943 o Pleno da Deputación acordou ceder a título gratuito e por un prazo de 20 anos ao Estado para instalar un Centro Regional de Enseñanzas e Investigaciones y Experiencias Forestales (C.R.E.I.E.F.).

Esta cesión se prorrogaría de xeito continuado ata o 6 de xullo de 2022, cando a Deputación de Pontevedra e a Xunta de Galicia asinaron un protocolo Xeral de intencións para a transmisión da titularidade da Finca de Lourizán e da Escola de Cantería de Pontevedra á Comunidade Autónoma de Galicia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA DESTACA A CONSOLIDACIÓN DO AUXE DO TURISMO EN GALICIA AO REXISTRAR NO QUE VAI DE 2023 UN 8 % MÁIS DE VISITANTES QUE NO "EXCELENTE" ANO XACOBEO 2022

- Galicia registrou no que vai de ano un nova marca con 3,7 millóns de viaxeiros aloxados e 6,8 millóns de noites rexistradas, así como 310.000 compostelas entregadas
- O presidente da Xunta salienta que estes datos confirman que "Galicia non é unha moda pasaxeira", senón un dos destinos "máis puxantes de España de forma sostible"
- Pon en valor que se consolida a recuperación do viaxeiro e do peregrino estranxeiro e a desestacionalización progresiva do Camiño

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, destacou hoxe a consolidación do "auge turístico" de Galicia, ao rexistrar 3,7 millóns de viaxeiros aloxados e 6,8 millóns de noites nos sete primeiros meses deste 2023, o que supón un 8 % máis que no 2022, "que foi un excelente Ano Xacobeo", remarcou.

O mandatario galego deu conta do balance da actividade turística presentado hoxe no Consello da Xunta sobre os meses de xullo e agosto, á vez que da evolución da demanda turística regrada en Galicia do que vai de 2023. Rueda salientou que este informe amosa que a comunidade "consolida unha tendencia moi boa" en materia turística, á vez que demostra que "Galicia non é unha moda pasaxeira, senón un dos destinos máis puxantes de España de forma sostible".

O presidente da Xunta tamén puxo en valor o feito de que este ano aumentou o número de turistas estranxeiros, que xa presentan o 30 % do total e que con dous millóns de pernoitas supoñen tamén un "récord histórico". De igual xeito, destacou que os aeroportos galegos rexistraron "máximos de pasaxeiros" con 3,4 millóns, co liderado de Lavacolla (2 millóns). Rueda tamén apuntou que os portos "bateron marcas" de cruceiristas con 246.000 chegados, a maioría, un total de 150.000, ao porto da Coruña.

Camiño de Santiago

O presidente da Xunta incidiu na importancia do Camiño de Santiago como un dos "elementos tractores" do turismo en Galicia. Así, apuntou que máis de 310.000 peregrinos recolleron a súa compostela no que vai de ano, o que supón un 2 % máis que no mesmo período de 2022, que foi Ano Santo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

De igual xeito, fixo fincapé en que se ten observado que se vai cumprindo o obxectivo de desestacionalizalo, pois cada vez son máis os que optan por facelo fóra da tempada alta. Nesta liña, asegurou que a Xunta traballa para que Galicia continúe a ser un lugar atractivo para os vixeiros durante todos os meses do ano. “E imos no bo camiño”, aseverou.

Por iso, defendeu a preservación daquelas características que confirman a Galicia como un destino de “turismo tranquilo”, en referencia á non masificación, á natureza, á gastronomía ou ao patrimonio.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA AVANZA QUE A XUNTA IMPULSARÁ A PRIMEIRA REDE DE ÁREAS DE ESTACIONAMENTO SEGURO E PROTEXIDO PARA O TRANSPORTE DE MERCADORÍAS DE ESPAÑA

- Resalta que o obxectivo é habilitar 1.500 prazas, das que 300 estarán dispoñibles nun prazo de doce meses
- Subliña que o obxectivo é “mellorar as condicións laborais e de seguridade” dos transportistas para “facer máis atractiva esta profesión e favorecer a incorporación da muller”
- A meta nos próximos anos é dispor dunha rede autonómica de estacionamento seguro para o sector do transporte de mercadorías, tanto con áreas de estacionamento de concentración como con áreas en tránsito
- Explica que estes aparcadoiros contarán con melloras como servizo de vixilancia, peche perimetral, iluminación axeitada ou duchas

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Goberno galego vai impulsar a primeira Rede galega de áreas de estacionamento seguro e protexido para o transporte de mercadorías, co obxectivo de acadar as 1.500 prazas. Trátase dunha medida “moi demandada polo sector” que vai dirixida a “mellorar a seguridade e condicións laborais dos profesionais do transporte”, indicou.

Rueda salientou que entre os principais obxectivos está “facer máis atractiva esta profesión e favorecer a incorporación da muller”. Nesta liña, explicou que a taxa de mulleres que se dedican ao sector do transporte en Europa é do 5%, e no caso de Galicia esta porcentaxe non chega ao 3%.

Tras o acordo aprobado hoxe no Consello, tal e como subliñou o presidente, “Galicia vai ser a primeira comunidade en contar cunha rede de aparcadoiros públicos seguros para camións”.

A Xunta, con esta actuación, busca mellorar os servizos aos transportistas na comunidade autónoma, sempre en coordinación con entidades públicas ou privadas, asociacións e administracións que compartan o mesmo obxectivo. Para iso, Rueda avanzou que os aparcadoiros seguros contarán “con servizo de vixilancia, peche perimetral, iluminación axeitada ou outros servizos como duchas”.

Na reunión de hoxe, o Executivo autonómico avaliou as propostas concretas que se van realizar nunha primeira fase e a curto prazo, que garantan que nun horizonte de aproximadamente un ano se comecen a obter resultados visibles, a través do impulso de

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

máis de 300 prazas en áreas de estacionamento de concentración e en áreas de estacionamento de tránsito, a través dun investimento de 750.000 €.

No referente ás áreas de estacionamento de concentración, situadas en grandes polos de atracción de mercadorías e dotadas, xeralmente, de máis servizos, a Xunta impulsará a creación dunha área de estacionamento seguro e protexido na Central de Transportes de San Cibrao das Viñas, que servirá como área de referencia na contorna de Ourense.

Así, estase a tramitar un convenio de colaboración entre as consellerías de Infraestruturas e Mobilidade, e de Promoción do Emprego e Igualdade, coa Deputación Provincial de Ourense e a Asociación de Empresarios do Polígono de San Cibrao das Viñas, para o desenvolvemento dunha área de estacionamento seguro e protexido no municipio ourensán, que poderá albergar 59 prazas de aparcadoiro.

No referente ás áreas de estacionamento de tránsito, localizadas en rutas para realizar os descansos necesarios segundo a normativa existente, o plan estratéxico prevé tamén neste vindeiro ano 2024 o desenvolvemento dun número axeitado de prazas distribuídas polo territorio de Galicia na proximidade das principais vías de comunicación.

Esta iniciativa do Goberno galego realizarase a través dunha orde de axudas para a subvención de aparcadoiros existentes para certificarse como área de estacionamento protexido, dotadas cun investimento inicial de 500.000 euros, que servirán a 250 prazas repartidas nas catro provincias galegas.


Ademais, a área de transportes do Ceao, no concello de Lugo, que conta cun aparcadoiro para vehículos pesados de máis de 80 prazas con servizos asociados, será modernizada para adaptala ás novas exixencias do mercado. Esa área, dependente da Dirección Xeral de Mobilidade, está sendo explotada actualmente en réxime de concesión. A Xunta realizará os estudos e análises necesarios para a súa actualización e adecuación ás novas exixencias do mercado ao finalizar a concesión.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Sector estratéxico da economía

Mediante esta iniciativa o Goberno galego reforza o seu apoio ao transporte de mercadorías por estrada en Galicia, sector que concentra o 6,97 % das operacións de tráfico intrarrexional de todo o territorio nacional e supón de forma directa ao redor dun 1 % do PIB.



OFERTA DE ÁREAS DE DESCANSO, ESTACIONES DE SERVIZO E ZONAS DE PARADA

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA OFRECERÁ ESTE CURSO ESTADÍAS LINGÜÍSTICAS A 3.400 ALUMNOS CON AXUDAS DE 3 M€ PARA AS FAMILIAS

- Mañá adxudicará as bolsas para 1.200 estudantes desde 6º de primaria a 4º da ESO que participarán este outono na experiencia de inmersión Digital Week
- En primavera, outros 1.550 rapaces asistirán a Spring Week e 650 máis, neste caso de bacharelato, viaxarán no verán a países como Reino Unido, Irlanda, Canadá, Francia, Alemaña e Portugal
- En total, son un centenar de prazas máis que no pasado curso escolar
- As familias gozan das estadias de balde durante o curso e a Consellería de Educación sufraga entre o 87 % e o 50 % do importe das actividades de verán
- Outros 3.800 estudantes recibirán cursos de linguas estranxeiras nos seus centros, fóra do horario lectivo, como clases extraescolares para perfeccionar o idioma

Os tres programas de estadias lingüísticas da Xunta de Galicia permitirán neste curso 2023/24 que 3.400 alumnos melloren as súas competencias en idiomas: os programas Digital Week, no outono; Spring Week, na primavera, e as estadias lingüísticas do verán, denominado Axudasle, cun investimento de máis de 3 M€ destinado ás familias galegas, que acceden aos dous primeiros programas totalmente de balde, favorecendo a igualdade de oportunidades. Ademais, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades sufraga entre o 87 % e o 50 % do custo das estadias dos estudantes de bacharelato nos meses de verán no estranxeiro. En conxunto, a oferta para o novo ano académico supera nun centenar de prazas o pasado.

O Goberno autonómico adxudicará mañá mesmo as prazas para o primeiro dos programas, que se desenvolverá durante o outono. Serán 1.200 os alumnos de entre 6º de primaria e 4º da ESO que gocen da experiencia Digital Week. O obxectivo da actividade é a práctica do inglés e o seu uso en contextos comunicativos diversificados e enfocados cara á mellora da comunicación oral a través de actividades dixitais, co apoio de profesorado nativo. Así mesmo, desenvólvense actividades complementarias que promoven a actividade física e a socialización. A actividade terá lugar en dez quendas diferentes dunha semana de duración entre o 1 de outubro e o 16 de decembro no Centro de Inmersión Lingüística dos Peares.

Apoio de profesorado nativo

No caso da Spring Week, serán 1.550 os estudantes de 6º de primaria e os catro cursos da ESO os que participen neste programa entre abril e xuño de 2024. A actividade baséase na estimulación da práctica oral da lingua inglesa e o seu uso en contextos comunicativos máis amplos que os que permite a contorna escolar, así como a

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

contextualización en temáticas de interese cultural, social, artístico e ambiental. Conta tamén co apoio de profesorado nativo, ao igual que no caso de Digital Week.

Por último, este curso convocaranse un total de 650 prazas para as estadias no estranxeiro durante o verán dirixidas a alumnado de bacharelato. Cunha duración de tres semanas en réxime residencial ou familiar no mes de agosto, o obxectivo de Axudasle é que o alumnado mellore as súas competencias na lingua do país de destino, ao tempo que entra en contacto con outras persoas, culturas e realidades. Os países de destino serán Reino Unido, Irlanda, Canadá, Francia, Alemaña e Portugal.

A través do programa, a Xunta faise cargo de parte dos gastos de contratación dos monitores que acompañan cada grupo, mantemento e aloxamento, traslados para actividades, docencia e material escolar, actividades culturais, deportivas e complementarias dos cursos, seguros de accidentes e certificado de realización do curso.

Programas de Edulingüe 2030

Estas tres actividades enmárcanse na Estratexia galega de linguas estranxeiras, Edulingüe2030, que inclúe medidas e accións para mellorar a competencia en linguas estranxeiras do alumnado galego. De feito, a liña de impacto 7 (Programa de inmersión lingüística activa) recolle estadias que permitan a formación integral do alumnado para o seu enriquecemento persoal, académico e profesional. No caso da Digital Week, enmárcase tamén na Estratexia educación dixital Edudixital2030, que ten como obxectivo favorecer a adquisición de competencias no ámbito dixital e STEM.

Neste contexto, a Xunta de Galicia impulsa outras accións, como a Rede galega de centros plurilingües, con 511 centros este curso (18 máis ca o pasado); o plurilingüismo na formación profesional, con case 140 ciclos impartindo parte do seu currículo nunha lingua estranxeira ou o programa PluriArt, ao abeiro do cal cursan ensinanzas artísticas co modelo plurilingüe arredor de 600 alumnos de 11 centros. Este sistema está apoiado por 655 auxiliares de conversa nativos, 18 máis ca no curso 2022/23.

Ademais, preto de 3.800 estudantes de 46 centros educativos de toda Galicia recibirán cursos de linguas estranxeiras nos seus centros, fóra do horario lectivo, como clases extraescolares para perfeccionar o idioma, ao abeiro do programa Cuale que organiza a Xunta. Xa no eido dos intercambios, un total de 900 alumnos galegos poderán integrarse este curso no sistema educativo doutros países a través do programa EduExchanges, de promoción dos intercambios entre estudantes para crear e consolidar proxectos de cooperación educativa e asociacións entre as distintas partes.

Líderes en resultados

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Todas estas iniciativas son totalmente de balde para as familias, o que favorece a igualdade de oportunidades e contribúe a afianzar o bo nivel en linguas estranxeiras do ensino da comunidade. Non en balde, segundo o informe internacional EF EPI, a única avaliación deste tipo, o alumnado galego ten o mellor nivel de inglés de todas as comunidades autónomas, ao pasar nos últimos anos do décimo posto ao primeiro e superando amplamente, con 584 puntos, a media de España (545).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONCEDE A 20.500 DOCENTES AS PRIMEIRAS ACREDITACIÓNS DE COMPETENCIAS DIXITAIS QUE RECOÑECEN AS SÚAS CAPACIDADES NESTE EIDO

- Galicia convértese así na primeira comunidade autónoma en implantar un sistema propio para docentes, que tamén se estenderá ao alumnado e ás persoas adultas
- A previsión é que ata finais deste curso poidan acreditar as súas competencias arredor 30.000 profesores
- A vía de acreditación máis común é a realización de actividades a través da Rede de Formación do Profesorado, entre os niveis A1 e B2
- A Consellería ofertará este curso un total de 35.500 prazas formativas específicas para que o profesorado xa certificado poida incrementar o seu nivel e o resto acadar un primeiro nivel de acreditación
- Nas vindeiras semanas os docentes acreditados recibirán o certificado oficial que avala o nivel de competencia dixital acadado, válido para todo o territorio nacional

Un total de 20.409 profesores do sistema educativo galego van recibir a súa acreditación da competencia dixital docente impulsada pola Goberno galego por primeira vez este ano, segundo o informe da Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades analizado no Consello da Xunta de hoxe. Deste xeito, Galicia convértese na primeira comunidade autónoma do Estado en implantar este modelo para os docentes, que tamén se vai estender ao alumnado e ás persoas adultas, para o cal se está ultimando o proceso.

Cómpre subliñar que este é o punto de partida coa formación certificada polos docentes acreditados ata o momento. De feito, a partir de agora, a Consellería está traballando nun paquete de accións específicas para mellorar o nivel de competencias dixitais do conxunto do profesorado, tanto para que os docentes xa acreditados incrementen o nivel obtido como para que o resto poida acadar un primeiro nivel de acreditación. A previsión é que ata finais deste curso poidan acreditar as súas competencias arredor de 30.000 profesores e 20.000 deles poidan incrementar o nivel inicial acadado nesta primeira fase.

A implantación deste procedemento ten como obxectivo que os profesores obteñan un recoñecemento oficial das habilidades adquiridas neste eido, establecidas en seis niveis diferentes (do A1 ao C2), similares ao sistema que funciona para a acreditación dos coñecementos en linguas estranxeiras, e que están baseados no Marco de Competencia Dixital Docente, con validez a nivel estatal. Os docentes acreditados recibirán nas

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

vindeiras semanas o documento oficial que certifica o nivel de competencia dixital acadado, que será válido para todo o territorio nacional.

Procedementos para a acreditación

As competencias poden recoñecerse ben tras realizar as actividades organizadas pola Consellería de Educación a través da Rede de Formación do Profesorado e entidades colaboradoras, ou ben polos coñecementos adquiridos a través doutras vías: recoñecemento de títulos universitarios, proba acreditativa, observación do desempeño e avaliación de evidencias e méritos. Tamén se teñen en consideración, como evidencias, os premios outorgados polas administracións educativas, a coordinación e autoría de proxectos de investigación e de innovación educativa ou as publicacións académicas, entre outras.

Ata o momento, o proceso de acreditación chegou ao nivel B2. Do total dos 20.409 docentes acreditados, 1.063 obteñen o nivel A1, 8.658 o A2, 8.769 o B1 e 1.919 o B2.

Co obxecto de incrementar o nivel de competencias dixitais acadado ata o momento, a Consellería ofertará este curso 2023-24 un total de 35.500 prazas formativas específicas para os niveis A1, A2, B1 e B2 a través de dúas vías de acción enfocadas a tal fin, tanto para que os docentes xa certificados melloren o seu nivel e o resto acaden un primeiro nivel de acreditación.

Unha das vías será a través da formación en liña na Plataforma de Formación a distancia do Profesorado Galego (Platega). A segunda vía será a formación contextualizada e específica en cada centro docente a través dos Plans de Formación Permanente do Profesorado.

No que atinxe aos niveis superiores (C1 e C2), o proceso de certificación realízase a través das evidencias presentadas. Neste caso comezará ao longo deste trimestre, coa presentación de documentación por parte dos interesados e o recoñecemento por parte da Administración de roles e función asociadas ao desenvolvemento das competencias dixitais.

Cómpre lembrar que o marco de competencia dixital docente está organizado en seis áreas: compromiso profesional, recursos dixitais, ensino e aprendizaxe, avaliación, capacitación do alumnado e desenvolvemento da competencia dixital do alumnado. Cada unha delas inclúe os obxectivos que se deben acadar en cada un dos niveis.

Polo tanto, a acreditación das competencias prodúcese cando un docente cumpre co requisito do nivel correspondente en cada unha das seis áreas establecidas no marco.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Todo o proceso, que avanzará en novos pasos durante este curso, faise baixo o asesoramento e a supervisión da Rede de Formación do Profesorado da Xunta de Galicia.

EduDixital 2030

O obxectivo desta acreditación é garantir a axeitada formación e preparación dos docentes para afrontar os novos retos nunha sociedade cada vez máis cambiante e así ofrecer a mellor preparación ao alumnado. Enmárcase na Estratexia EduDixital 2030, que ten a acreditación de competencias dixitais como unha das súas accións de impacto. Ademais vai en consonancia co Plan de Acción da Educación Dixital 2021-2027 da Unión Europea.

De xeito paralelo, a Xunta está traballando no procedemento para regular a acreditación das competencias dixitais do alumnado a través de 21 competencias que se poderán certificar en catro niveis diferentes: iniciación, intermedio, avanzado e especializado. Neste casos, darase por unha dobre vía. Por un lado, a validación de oficio no momento en que remate os seus estudos ou ben a través da superación dunha proba específica de acreditación dos diferentes niveis establecidos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA